



CEIP SANTA MARIA DO CASTRO

Versión 1.0_ xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: CEIP SANTA MARIA DO CASTRO

Dirección: Rúa Valiño-Cesar, 55. 15939 Cabo de Cruz. Boiro. A Coruña

Correo: ceip.santamaria.castro@edu.xunta.gal

Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantamariacastro/>

Etapas educativas: Centro liña 1 con ensinanzas en 2º ciclo de E. Infantil e E. Primaria

Nº de alumnado e profesorado: No presente curso escolar o centro conta con 138 alumnas e alumnos e 16 profesoras e profesores.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O C.E.I.P Santa María do Castro, é un Centro público situado na localidade de Cabo de Cruz, nunha zona denominada Valiño. O seu asentamento é privilexiado xa que se atopa entre as montañas da Serra do Barbanza e a Ría de Arousa, nunha península situada ó sur do Concello coruñés de Boiro. Esta localización concede ó Centro grandes posibilidades de interacción co medio natural e, ó mesmo tempo, permítenos contar con elementos da contorna ós que se accede con facilidade.

Os núcleos de poboación son bastante dispersos aínda que non nun radio moi alonxado do colexio. A vivenda tipo desta zona é casa unifamiliar en propiedade, normalmente con terra arredor.

O porto de Cabo de Cruz está en fase de expansión debido á súa gran actividade marítima, xa que a maioría da poboación traballa no mar, sendo o marisco unha parte importante da economía cruceña. O sector do marisqueo, coa extracción de diversos bivalvos é o sustento dun número importante de familias. Por outra banda tamén está o sector do cultivo do mexillón en bateas (sector maioritario) e o sector conserveiro e transformador de produtos da mar. Nesta zona tamén son usuais os traballos agrícolas en pequenas propiedades, aínda que esta última ocupación é máis ben para uso familiar e non para comercializar.

A intensa actividade laboral determina que na maioría das familias traballen os dous proxenitores, sendo o nivel económico, en xeral, medio-alto.

O nivel cultural das familias é medio-alto. Nos últimos anos o nivel de estudos dos/as proxenitores/as subíu considerablemente. Agora a maioría teñen rematados estudos superiores ou algún título de Formación Profesional.

A lingua habitual de comunicación, tanto coa familia como cos veciños, amigos, traballo, etc. é o galego.

O plan dixital recalca a importancia da competencia dixital do alumnado e profesorado no centro como elemento motivador e actualizador de contidos demandados pola sociedade actual.

O plan dixital complementa o traballo ata o de agora desenvolvido polo equipo de tics a través do plan tics.

Seguirase impartindo 1 sesión semanal en todos os niveis educativos de informática, co obxectivo de contribuir ó desenvolvemento da competencia dixital do alumnado.

Outro aspecto que se establece no PE é a mellora do equipamento e infraestruturas relacionadas coas TIC nas diferentes areas.

Tal e como consta no PE as TRIC aparecen como unha sinal de identidade do noso colexio.

A programación xeral anual do curso 22/23 recollerá todas as actividades e iniciativas que se levarán a cabo no centro ao longo de todo o curso polo que a posta en marcha do plan dixital vai supoñer potenciar a vertente dixital en todos os aspectos e mellorar a competencia dixital en profesorado, alumnado e familias.

A PXA establece: a mellora da coordinación entre o profesorado para levar a cabo todas as medidas pedagóxicas incluídas as medidas dixitais, favorecer a comunicación con toda a comunidade educativa e apoiar a diversidade do alumnado. Neste senso o Plan Dixital supón un aspecto importante para dita labor.

Por último, na PXA establécese promover a innovación educativa no proceso de ensinanza-aprendizaxe a través das TRIC e fomentar o uso das ferramentas dixitais. Do mesmo modo, tamén é importante mellorar o funcionamento dos equipos, así como o seu uso.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A contextualización normativa en relación co Plan Dixital no noso centro é a seguinte:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art.132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

O Equipo de Dinamización do Plan Dixital está formado por:

Directora do centro: Lucía Abad Sánchez

Coordinador do equipo tics e encargado da Aula virtual do centro: Javier Vidal Coira

Coordinador de dinamización do plan dixital e coordinador E-Dixgal: Francisco Javier Míguez Mato

A organización das reunións estableceuse dentro do grupo de traballo creado ex proceso e a periodicidade das mesmas foi en función das demandas do equipo de mentores e dos distintos pasos a seguir na elaboración final do Plan dixital 1.0:

Estructuración do cuestionario Selfie e a súa importancia de cara ao claustro

Desenvolvemento do cuestionario

Análise dos resultados

Estructuración do cuestionario CDD

Desenvolvemento do cuestionario CDD

Análise dos resultados

Formación na elaboración do DAFO

Elaboración do DAFO

Formación do Plan de Acción para o vindeiro curso

Elaboración do Plan de Acción

Estructuración das partes do Plan dixital

Presentación e aprobación en claustro e en consello escolar do mesmo.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Dende o centro educativo, e máis concretamente dende o equipo de TIC, existe unha inquietude crecente en facer presente no proceso de ensino e aprendizaxe o uso responsable das TRICs. A organización de actividades dixitais semanais por niveis na aula de informática así como nas aulas Edixgal ofrecen un gran potencial de aprendizaxes da vida diaria para o que ten que estar preparado o alumnado do centro cando finalice a etapa educativa.

Participamos dende hai 3 anos no programa Edixgal e previamente en Abalar. Dende o centro fíxose un gran esforzo material para manter nun nivel aceptable o equipo e mantemento do mesmo (con cargo a gastos de xestión do centro) posto que o envío de partidas específicas da administración foron practicamente nulas e moi puntuais.

O equipamento dixital (monitores, cpu, periféricos, pantallas táctiles,...) do centro está obsoleto e falta de mantemento continuado. Todas as dependencias do centro están conectadas en rede pero e a existencia de equipos informáticos lentos, con escasa memoria RAM e disco duro, dificultan moito o emprego dos mesmos de forma funcional e práctica.

O mantemento do equipamento dixital vai a cargo, segundo dispoñibilidade, do equipo de tic pero continuamente temos que contratar un servizo externo e privado para un mantemento adecuado ás necesidades do centro.

Usamos a aula virtual do centro como canle de comunicación co alumnado fóra do horario lectivo aínda que o sistema Moodle non sexa o mais intuitivo e atractivo. Tamén usamos o Abalarmóbil, Tokapp, blogue da biblioteca e redes sociais para publicitar todas as actividades do centro, cousa que funciona moi ben.

Non usamos Ageiro, de momento, por descoñecemento total do seu potencial. O exceso de burocracia por parte da administración dificulta en gran medida a formación nas ferramentas anteriormente citadas.

De momento non temos ningún protocolo específico do uso das TRICs, simplemente normas de funcionamento do equipamento e recomendacións xerais do uso das tecnoloxías para o alumnado e a comunidade educativa do centro.

Neste curso participamos no programa de Innovación educativa (CP-Innova), concretamente na liña de Edusaúde.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	4,3				
	Profesorado	3,7				
	Alumnado	-				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4,2				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado	3,9				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado	4,2				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,2				
	Profesorado	3,7				
	Alumnado	-				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,8				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado	-				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,4				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado	3,2				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	2,6				
	Alumnado	-				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4,1				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado	4,3				

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	11	13	84,6%
PROVISIONAL	-	-	-
INTERINO	3	3	100%

SUBSTITUTO	1	2	50%
DESPRAZADO	-	-	-

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
72,4	INTEGRADOR(B1)	76,6	INTEGRADOR (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF.	50,3	EXPLORADOR (A2)	66,2	-
PRIM.	79,9	INTEGRADOR (B1)	77,3	-

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	6,3%
A2	6	37,5%
B1	5	31,3%
B2	4	25%
C1	-	-
C2	-	-
TOTAL	16	100%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Dispositivos dixitais en todas as aulas. Aula informática con 25 PCs. Tablets alumnado neae. Conexión en rede cun banco de contidos común. Uso ferramentas colaborativas do profesorado definitivo.	Acceso deficitario a internet. Imposibilidade do equipo tics do mantemento constante e asistencia técnica dos equipos. Gastos de funcionamento do centro en material informático.
	PERSOAL DOCENTE	A maioría do profesorado está predisposto a formarse. Diversidade e fluidez na comunicación dixital coa comunidade educativa. Uso de recursos educativos xa elaborados en liña.	Pouca autorreflexión do proceso E/A. Resistencia cambio na metodoloxía. Parte do profesorado baixa competencia dixital. Falta de formación avaliación dixital

PERSOAL NON DOCENTE	Bo manexo das tics por parte do conserxe que axuda en tarefas administrativas.	
ALUMNADO	Contamos cos dispositivos para o alumnado (Edixgal e Abalar) para 4º, 5º e 6º de primaria. Alta motivación do alumnado polo uso das tics.	Escaso espírito crítico nas búsquedas en internet. Pouca conciencia dos perigos da tecnoloxía e da internet.
FAMILIAS		Falta de interese das familias no ámbito dixital e escasa concienciación dos perigos da internet. Valoración negativa maioritaria do proxecto Edixgal.
OFERTA	Contamos cunha sesión semanal de informática en todos os niveis do centro (uso das ferramentas colaborativas, presentacións, búsqueda en internet,...).	
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Uso eficiente dos recursos materiais e humanos contra a brecha dixital cos que conta o centro.	Insuficientes recursos humanos, materiais e organizativos dada a carga burocrática e administrativa do centro.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Dotación de dispositivos con acceso a internet para alumnado nas súas casas (Educa en Digital). Elaboración do plan dixital de centro	Escasa dotación de dispositivos dixitais para a ensinanza de todos os niveis. Deficiente acceso a internet. Falta de asistencia técnica física no arranxo e mantemento dos dispositivos. Escasa dotación orzamentaria e moi rixida.
	LEXISLACIÓN	Cumplimento da lei de protección de datos.	Exceso de carga burocrática sobre o profesorado. Falta de liberación horaria específica para estes cargos. Cambios continuos na lexislación.
	CONTORNA		Escasa cobertura de internet.
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	Formación dixital para a comunidade educativa (Espazo Familias e concello).	

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Este apartado corresponde ás táboas abaixo mencionadas.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: PRÁCTICAS DE ENSEÑANZA E APRENDIZAXE						
1. OBXECTIVO:	Implementar proxecto interdisciplinar nos que se empreguen as tic				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador do equipo responsable				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de aulas participantes nos proxectos interdisciplinares					
Valor de partida	0 aulas participantes no proxecto interdisciplinar					
Valor previsto e data	Todas as aulas participan neste proxecto interdisciplinar			Fin de curso 22/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1:Acordo do proxecto	Coordinador do equipo responsable	Decembro 2022	Aplicacións web e equipos informáticos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Difusión das actividades do proxecto na Web, blogue e redes sociais.	Claustro	Xuño 2023	Equipos informáticos. Aplicacións web, Ferramentas de audio e video.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:Obtención de produtos Tic por niveis ao final do proxecto.	Claustro	Xuño 2023	Equipos informáticos. Aplicacións web, Ferramentas de audio e video.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: INFRAESTRUCTURAS						
2. OBXECTIVO:	Mellorar a aula de informática: completala e actualizala				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador de Tics				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Estado actual da aula de informática e outros equipos do centro					
Valor de partida	Equipos informáticos desfasados e non actualizados.					
Valor previsto e data	Aula de informática con equipos renovados e actualizados.		Segundo trimestre do curso 22/23			
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Realizar catalogación/inventario do material dixital que dispoñemos	Coordinador de tics	Primeira quincena de setembro	Recursos dixitais.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Actualización de equipos e expurgo	Equipo tics	Primeiro trimestre	Recursos persoais e dixitais.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Solicitud de novo equipamento	Equipo tics	Primeiro trimestre	Recursos persoais e dixitais.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: INFRAESTRUTURAS						
1. OBXECTIVO:	Crear un polo creativo				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Polo creativo habilitado					
Valor de partida	Non existen polos creativos no centro					
Valor previsto e data	Polo creativo creado e habilitado no centro			Fin de curso 22/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1:Acordo en claustro do espazo onde se desenvolverá o polo creativo.	Claustro	Principios de setembro	Recursos persoais e infraestructuras		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Solicitar equipamento específico para o espazo.	Equipo directivo	Primeiro trimestre	Recursos persoais e dixitais.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:Inscribirse nalgún proxecto ou programa da Xunta (Biblioteca Creativa ou Plan Proxecta+).	Equipo directivo/ coordinador do plan dixital.	Primeiro trimestre	Equipos e aplicacións informáticas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

	QUE TEMOS	USO	PRECISAMOS	FINALIDADE
INFRAESTRUTURAS TECNOLÓXICAS	<p>Conexión a internet 600mb 2 liñas de teléfono fixo. Puntos wifi</p>	<p>Servizo a todo o centro.</p>	<p>-Ampliación puntos de acceso wifi</p>	<p>-Para evitar ter zonas escuras de conexión wifi</p>
EQUIPAMENTO (equipamento da Xunta, do propio centro ou dun proxecto específico)	<p>2 pcs sobremesa HP. Xuga 2016 1 pc Fujitsu Xuga 2012 1 portátil ACER 2014 1 portátil Acer 2012 2 portátiles ACER 2010 5 pcs 2006 (obsoletos) 2 portátiles 2006 (obsoletos) 1 proxector 2006 (obsoleto) 1 PDI (obsoleto) 1 portátil 2008 (obsoleto) 1 portátil 2009</p>	<p>-Administración -Consulta biblioteca -Aulas -Aula de audiovisuais -Aula de informática -Biblioteca</p>	<p>- 34 PCs: ❖ 25 Pcs e monitores para aula de informática ❖ 2 Pcs e monitores para biblioteca ❖ 7 Pcs e monitores para (as aulas de primaria) -35 periféricos (teclados e ratos) -1 impresora multifunción - 4 PDI con canón (1 para a aula de informática e 3 para as aulas de infantil) -4 micrófonos -Croma, trípode e luz LED.</p>	<p>-Modernizar e completar a aula de informática para realizar traballos dixitais. -Fomentar o uso das ferramentas colaborativas. -Dixitalizar as aulas de Infantil e primaria para mellorar a competencia dixital do alumnado. - Dixitalizar a biblioteca como núcleo de investigación dos Proxectos de centro. -Creación de contidos audiovisuais.</p>

	(obsoleto) 1 portátil 2013 2 monitores 2017 1 impresora HP 2004 (obsoleta)			
SERVIZOS DIXITAIS EDUCATIVOS	Equipamento Edixgal e soporte do servizo premium	Aulas Edixgal	.Servizo de mantemento dos equipos informáticos do centro. -Formación externa aula virtual, agueiro, moodle.	-Maximizar o rendemento dos equipamentos dixitais. -Mellorar a competencia dixital do profesorado.

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento e avaliación do Plan Dixital en relación co grao de consecución de obxectivos centrarase nos seguintes contextos:

A avaliación do proceso será trimestral. Nesta avaliación teremos en conta os seguintes aspectos: o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e/ou as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

En canto á avaliación final será 1 vez no curso escolar, a finais do 3º trimestre.

Nesta reunión valoraremos o logro dos obxectivos e posibles propostas de mellora para os vindeiros anos.

Os instrumentos de avaliación que usaremos será un cuestionario anónimo para o alumnado, profesorado e familias onde reflectiremos os puntos positivos e negativos do plan dixital.

5. Difusión do plan

Para desenvolver este punto temos como referencia o exposto no Plan de Comunicación do Centro. Neste documento reflíctense todos os métodos precisos para dar difusión e publicidade ó presente plan:

- Páxina web e aula virtual
- Redes sociais
- Canles de comunicación interna e externa: Whatsapp, Telegram, Abalarmóbil, Tokapp,...
- Información en papel
- Videochamadas a través de Webex Meetings e outras plataformas similares.
- Ferramentas colaborativas de Google a través do dominio @coledocastro.com